

ECONOMÍA DA EMPRESA

1. [1 pto.] Defina el concepto de fondo de maniobra o capital circulante, e indique cómo se calcula
2. [1 pto.] Defina qué son la productividad y la rentabilidad empresarial, y explique las principales diferencias entre ellas
3. [1 pto.] Defina el concepto de punto muerto o umbral de rentabilidad, acompañando gráfico para el razonamiento de su respuesta
4. [3 ptos.] A una empresa se le plantean tres proyectos de inversión que suponen los siguientes desembolsos y flujos de caja netos:

Proyecto de Inversión	Desembolso inicial	FLUJOS DE CAJA			
		1.º Año	2.º Año	3.º Año	4.º Año
X	20.000	15.000	14.000	20.000	12.000
H	23.500	14.000	19.000	18.000	--
Z	14.000	13.000	-10.500	16.000	10.800

Teniendo en cuenta un tipo de interés de mercado del 3%, se pide indicar cuál es el proyecto más rentable según los métodos del Valor Actual Neto (VAN) y del plazo de recuperación o *Pay-back*. Calcule los valores para cada método, indicando las operaciones, y justifique la respuesta.

5. Las 600 unidades físicas en almacén a 1 de enero de la empresa PAU S.A. que comercializa un único producto habían sido adquiridas a un precio unitario de 20€. El 4 de febrero de ese mismo ejercicio económico adquiere un nuevo lote de 400 unidades físicas a un precio unitario de 25€. Posteriormente, el 5 de marzo vende un lote de 300 unidades.

Se pide:

- 5.1. [1 pto.] Elaborar un cuadro de inventario del período según el método del precio medio ponderado (PMP)
- 5.2. [1 pto.] Valorar las existencias finales según el método FIFO
6. [2 ptos.] En base a los siguientes datos proporcionados por una empresa, calcule la rentabilidad económica [RE = Beneficio antes de intereses e impuestos/Activo total] y la rentabilidad financiera [RF = beneficio después de impuestos/recursos propios]:
 - Beneficios antes de intereses e impuestos: 90 millones.
 - Activo total: 1.500 millones.
 - Financiación del activo: 30% con recursos propios y el resto mediante financiación ajena a un tipo de interés del 4%.
 - Tasa impositiva es del 35%

ECONOMÍA DA EMPRESA

1. [1 pto.] Defina o concepto de fondo de manobra ou capital circulante e indique como se calcula
2. [1 pto.] Defina que son a produtividade e a rendibilidade empresarial, e explique as principais diferenzas entre elas
3. [1 pto.] Defina o concepto de punto morto ou limiar de rendibilidade e acompañe gráfica para o razoamento da súa resposta
4. [3 ptos.] A unha empresa se lle presentan tres proxectos de investimento que supoñen os seguintes desembolsos e fluxos de caixa netos:

Proxecto de investimento	Desembolso inicial	FLUXOS DE CAIXA			
		1. ^{er} Ano	2. ^o Ano	3. ^{er} Ano	4. ^o Ano
X	20.000	15.000	14.000	20.000	12.000
H	23.500	14.000	19.000	18.000	--
Z	14.000	13.000	-10.500	16.000	10.800

Tendo en conta un tipo de xuro de mercado do 3%, pídese indicar cal é o proxecto máis rendible segundo os métodos do Valor Actual Neto (VAN) e do prazo de recuperación ou *Pay-back*. Calcule os valores para cada método, indicando as operacións, e xustifique a súa resposta.

5. As 600 unidades físicas en almacén a 1 de xaneiro da empresa PAU S.A. que comercializa un único produto foron adquiridas a un prezo unitario de 20€. O 4 de febreiro dese mesmo exercicio económico adquire un novo lote de 400 unidades físicas a un prezo unitario de 25€. Posteriormente, o 5 de marzo vende un lote de 300 unidades.

Pídese:

- 5.1. [1 pto.] Elaborar un cadro de inventario do período segundo o método do prezo medio ponderado (PMP)
- 5.2. [1 pto.] Valorar as existencias finais segundo o método FIFO
6. [2 ptos.] En base aos seguintes datos proporcionados por unha empresa, calcule a rendibilidade económica [$RE = \text{Beneficio antes de xuros e impostos} / \text{Activo total}$] e a rendibilidade financeira [$RF = \text{beneficio despois de impostos} / \text{recursos propios}$]:

- Beneficios antes de xuros e impostos: 90 millóns.
- Activo total: 1.500 millóns.
- Financiamento do activo: 30% con recursos propios e o resto mediante financiamento alleo a un tipo de xuro do 4%.
- Taxa impositiva do 35%

ECONOMÍA DA EMPRESA**Pregunta 1**

Valorarase 0,75 puntos pola correcta definición de cada concepto, e 0,25 puntos pola forma do cálculo. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 2

Valorarase 0,5 puntos pola correcta definición de cada concepto. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta á pregunta de que explique principais diferenzas entre ambos conceptos e a medida en que se axusta o conxunto da resposta á pregunta. A valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 3

Valorarase 0,75 puntos pola correcta definición do concepto, e 0,25 puntos pola gráfica. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 4.

Cálculo correcto dos indicadores para cada proxecto: 0,75 punto. Elección final correcta e razoada: 0,75 punto. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.

Na interpretación do resultado, ademais de considerar a medida en que se axusta a resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 5.

Os apartados deste problema non admiten cualificacións intermedias (salvo os erros puramente aritméticos que serán penalizables). Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.

Pregunta 6

Cálculo de cada rendibilidade: 1 puntos. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.